



**Resolución de Alcaldía.- Convocatoria da mesa de contratación de "subministro de plataforma remolcable para os servizos municipais do Concello de Tui.**

Con data 31 de outubro de 2013 constitúese a Mesa de contratación para a apertura do sobre A, documentación administrativa, do referido contrato.

Comprobados os documentos aportados polas empresas e requisitos esixidos na licitación a Mesa de Contratación acorda :

"1º.- Requirit á empresa Plataformas Daryat, S.L., con enderezo en Bº Kukullaga, nº 4-baixo, 48450 Etxebarri (Bizkaia) , a seguinte documentación:

Acreditar o punto 1º de documentación administrativa a incluír no sobre A):

"1º) **Documentos acreditativos da personalidade xurídica:** Os empresarios individuais copia autenticada do DNI; os empresarios persoas xurídicas, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos polo que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda. As escrituras que presenta a empresa non aportan a totalidade dos estatutos da empresa nin indican o seu obxecto social."

2º.- Se admite á licitación a empresa Grau Maquinaria i Servei Integral, S.A."

Efectuado o requirimento á referida empresa, con data 6 de novembro 2013 presenta a documentación aos efectos do seu cumprimento.

Para continuar co procedemento legalmente establecido e de conformidade co prego de cláusulas administrativas, esta Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Convocar á Mesa de Contratación para o vindeiro **xoves, día 14 de novembro de 2013, ás 12,30 horas**, en acto público, aos efectos de posta en coñecemento da apertura do sobre nº 1 - documentación administrativa- e empresas admitidas á licitación e proceder á **apertura do sobre nº 2 "Criterios cuantificables de forma automática"**, todo en cumprimento da cláusula 11º do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación.

**SEGUNDO.-** Facer pública a presente convocatoria mediante a súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante.

**TERCEIRO.-** Dar traslado da presente Resolución de Alcaldía dos membros da Mesa de Contratación designados, ós Departamentos de Secretaría e Intervención e ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre.

Mándoo e asínoo en Tui a 12 de novembro de 2013.

O Alcalde-Presidente

Dou fe,  
A Secretaria do concello

Asdo. Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. Irene Suárez López



## **EXCMO. CONCELLO DE TUI**

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Telef: 986 603 625 – Fax: 986 600 570

---